# CAMIÑA CARA O CAMBIO

# ACTÚA EN VERDE



IES DE ARZÚA

# ÍNDICE


**1. CENTRO EDUCATIVO ....................1**

1.1. Datos Xerais do Centro ....................1

1.2. Nome do Proxecto ....................1

1.3. Profesorado participante ....................1

1.4. Contextualización do proxecto ....................2

**2. OBXECTIVOS ....................14**

**3. ACTIVIDADES REALIZADAS DESENVOLVEMENTO, RESULTADOS, IMAXES ....................16**

**4. CONCLUSIÓNS ....................166**




# 1. CENTRO EDUCATIVO

## 1.1. DATOS XERAIS DO CENTRO

Centro: IES DE ARZÚA
Código de centro: 15027733
Enderezo: RÚA DO CASTRO S/N
Poboación: ARZÚA
Código postal: 15810
Teléfono: 881 866 047
E-mail: ies.arzua@edu.xunta.gal
Páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua
Instagram: @iesdearzua

## 1.2. NOME DO PROXECTO

CAMIÑA CARA O CAMBIO. ACTÚA EN VERDE

## 1.3. PROFESORADO PARTICIPANTE

Coordinador: Carlos Iglesias Ramos

Profesorado responsable: O número de profesorado que participa no proxecto é elevado, xa que o proxecto é interdisciplinar, e abrangue a maior parte das actividades que realizan o profesorado, as familias e o alumnado do noso centro. Principalmente os departamento máis implicados no proxecto son: Departamento de FP de Agraria, Departamento de FP de Administración e Finanzas, Departamento de Bioloxía e xeoloxía, Departamento de Economía, Departamento de Filosofía, Departamento de Inglés, Departamento de de Relixión, Departamento de Orientación, Departamento de Actividades complementarias á formación, Departamento de Francés, Departametno de Matemáticas.

Pero non só queda no profesorado, senón que o Persoal de limpeza do IES, o persoal da cafetería e o persoal de conserxería traballan a reo có proxecto.

Ademais contamos sempre coacolaboración do Concello de Arzúa, traballando activamente coa Concellería de Cultura e o de Meidoambiente

## 1.4. CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO

O sector agrario ten un referente no IES de Arzúa. No noso centro impártese formación relacionada co sector agroforestal, como os ciclos formativos de formación profesional da familia agraria do sector forestal (Xestión Forestal e do Medio Natural, o ciclo medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural), do sector agroecolóxico (ciclo medio Dual de Produción Agroecolóxica) e da xardinaría (ciclo básico de Agroxardinaría e Composicións Florais). Tamén se imparten ciclos da familia de administración e xestión, básico e superior, ESO e Bacharelato.

Debido á transversabilidade e á cantidade de ensinanzas que se están a impartir, o profesorado do noso centro entende a formación do noso alumnado mais aló da lección maxistral, traballando nun proceso baseado na cooperación e no intercambio de ideas entre os distintos departamentos (Agraria, Administrativo, Bioloxía e Xeoloxía, Economía, Filosofía, Orientación, Inglés, Biblioteca, etc.). Deste xeito, aproveitase todo o potencial humano dos membros do IES, repercutindo positivamente na adquisición de competencias por parte do alumnado e profesorado.

Temos a grande sorte de ser un centro con relativamente pouco alumnado que vive no rural, nun enclave privilexiado no que conflúen diversos Camiños de Santiago e no que a riqueza do patrimonio natural, artístico, material e inmaterial é indiscutible. Polo tanto, as condicións medioambientais e educativas teñen enorme potencialidade.

Cremos que queda moito por facer con respecto á concienciación do futuro na Galicia vaciada con respecto ao rural como medio de vida a longo prazo; é o momento de levar o espírito emprendedor ao rural, creando un empoderamento do rural como centro de ideas emprendedoras que xeren valor engadido na zona. O noso enclave, posibilita aproveitar a oportunidade do tránsito de peregrinos para xerar posibilidades de inserción laboral ao seu redor e o coñecemento e posta en valor do patrimonio natural, fomentando tamén a conexión emocional coa contorna.

Desde o IES de Arzúa preténdese implicar á comunidade educativa no consumo responsable como unha actitude que implica a toma de decisións sobre os produtos que se compran ou os servizos que se contratan, considerando as consecuencias ambientais, sociais e económicas. Unha das ideas forza do proxecto é a xeración de pensamento crítico entre a comunidade educativa para pasar de ser meros consumidores pasivos a prosumidores, é dicir, consumidores activos con criterio e pensamento crítico. Contemplamos a concienciación social de toda a comarca, a través da concienciación previa da poboación xove á que se imparte clase no centro, en conceptos clave do novo sistema social baseado na economía circular, levandose a cabo unha experiencia de mercado circular, posta en marcha no propio IES e replicada nun centro Italiano como é o Liceo Ferraris de Taranto, cunha movilidade "Job shadowing", e de unha estadía de ensinanza, neste centro Italiano. contando coa colaboración de UNICEF Taranto, para acadar os ODS da Axenda 2030.

Un dos piares deste Proxecto é o fomento do consumo responsable, empregando eficientemente os recursos dos que se dispón na comarca, para satisfacer as necesidades básicas da comunidade educativa e da poboación do Concello, de maneira que se reduzan os excesos e os danos ambientais.

Como exemplos de accións que xa se veñen realizando no propio centro, pódese mencionar a concienciación do alumnado e do profesorado polo consumo dunha dieta equilibrada con comida saudable. Neste caso o servizo de cafetería encárgase da compra de alimentos que non danen o medio ambiente, mediante a adquisición ou recolección de froitas e verduras de agricultores locais e dos invernadoiros do propio centro.

Favorecen aínda máis a interdisciplinariedade de actividades do centro o efecto dos recreos "residuos cero" de "Teachers for future" xunto coa adecuada separación de residuos na semana da froita e coa inmensa colaboración da cafetería do IES tratando de fomentar hábitos de consumo saudable (bocadillos, biscoitos caseiros, auga… e menos consumo de comida industrial e refrescos con exceso de azucre).

Dentro desta iniciativa, aproximarémonos a conceptos como o consumo de km 0, a análise previa á compra e á súa vinculación coa análise crítica da sostenibilidade dos produtos e/ou servizos, interiorizando sistemas de avaliación baseados en indicadores clave de desempeño (KPIs) que nos permitan valorar emisións de gases de efecto invernadoiro da posta a disposición do produto ou servizo.

Tamén se pretende facer un uso eficiente dos recursos naturais e enerxéticos, como o emprego de medios de mobilidade que non contaminen, como pode ser o fomento do uso da bicicleta ou patinete para acudir ao centro, compartir vehículos (o que tivo máis existo dentro do profesorado e do alumnado), entre outros. De tal maneira que se poida reducir a pegada ecolóxica individual e colectiva.

As principais accións levadas a cabo polo IES de Arzúa a cabo foron:

1) Consumo responsable: mediante a adquisición de froitas e verduras de agricultores locais e o emprego dos propios hortos do alumnado, tanto internos como externos e de produción ecolóxica. Concienciando mediante charlas e actividades as bases dunha alimentación sustentable para evitar unha sobreexplotación desmedida e o esgotamento dos recursos naturais. Para iso proporanse modelos de bosques alimentarios coa combinación de arboredo, horta e elementos de control ecolóxicos que fomenten a non utilización de produtos químicos. Por iso este ano o noso alumnado comezará a dualizarse coa Fundación Gabeiras (https://fundaciongabeiras.org), para participar no proxecto RURAL LAB.

Mediante o ODS da redución da pegada ecolóxica para un cambio na produción e consumo de recursos e así conseguir un crecemento económico e desenvolvemento sustentable, levouse á cidadanía máis xove a función da Política Agrícola Común e os seus beneficios para toda a sociedade. O IES de Arzúa segue a ser un das 14 institucións escolares de Galicia e Norte de Portugal que forma parte do proxecto FunCAP (PAC divertida) para probar un xogo de mesa e videoxogo con 400 escolares. Trata de acercar o Pacto Verde Europeo e a Estratexia da Granxa á Mesa e sobre todo eliminar as "Fake news" que xiran ao redor de todas estas políticas comunitarias que son fundamentais para o desenvolvemento rural. Ademáis este ano aumentamos o noso coñecemento participando no Proxecto europeo KICAP, que impulsa o coñecemento da Política Agraria Común e a transferencia tecnolóxica no medio rural.

O noso IES ten a sorte de que diversos departamentos están a desenvolver actividades interdisciplinares, como o día da educación financeira adicado este ás finanzas sostibles (Economía, Inglés e Agraria apostan polo traballo interdisciplinar traballando o Día da Educación Financeira co lema "As túas finanzas, sempre sostibles", para que todos reflexionemos sobre as nosas finanzas), charla de “Finanzas para mortais” para o alumnado de FP Básica, "Canva e funcionamento dunha cooperativa", dos alumnos de 2 BACH e FPBásica. Tamén se complementou con actividades coma "Preparados para O Salto de Eduemprende".

Esta Miniempresa adícase á organización de eventos e composicións florais. O peso fundamental deste proxecto o leva a FPBásica. A corrente fundamental da miniempresa e o non emprego de esponxas, seguindo a corrente #nofloralfoam, de tal xeito que minimizamos a contaminación medioambiental e empregamos sempre materiais sostibles. Ademáis este curso o profesorado estase a formar mediante un PFFP de Floraría para comezar a empregar materiais da contorna e revalorizando o material agrario, como o emprego de centeo, trigo, cebada, maiz, potenciando o rural.

O alumnado de FP Bsásica desenvolverá un traballo de valorización de restos orgánicos que se xeran no centro, mediante a compostaxe e quendas de recollida de restos orgánicos, realizándose infografía referente a todo o proceso e concienciación do alumnado.

O compost xerado sirve de abono para os bancais das hortas interiores e exteriores. Deste xeito podemos pechar o ciclo da materia orgánica e aproveitar todas as súas vantaxes na produción de alimentos sans, de calidade e respectuosos co medio ambiente. Tamén para o tratamiento dos restos de podas ou residuos máis grandes do xardín empregouse unha biotrituradora cuxos subproductos aplicáronse a xeito de abono verde nos bancais de cultivos do recinto do IES e nas fincas de prácticas. Dende o departamento de inglés desenvolverase un proxecto horizontal e vertical sobre a economía circular e o cambio do modelo produtivo, desenvolvendo diferentes sinerxias sobre a importancia do cambio de propiedade a uso, a importancia da redución, reutilización, reciclaxe e recuperación e a posta en valor do “R” de “Rot” para potenciar a compostaxe. Aproveitarase a oportunidade brindada polas iniciativas eTwinning e Erasmus+ nas que se participa, para darlle un carácter transnacional a estas actividades.

Centrándonos na divulgación dos ODS dá axenda 2030, especialmente o ODS 12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES, e partindo do estudo da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias (establece como un dos dereitos básicos das persoas consumidoras a formación e a educación en materia de consumo) realízanse ou realizáronse as seguisteisactuacións:

a. Fixemos unha reflexión crítica e solidaria sobre o feito de que o consumo responsable e ou comportamento ético, coidan do planeta e non ten porque reducir a calidade de vida das persoas. Obviemos como resultado un traballo en equipo sobre consumo responsable, que se artellou por medio dun padlet colaborativo, trapasando a información a outros paises. De frito, levouse fai uns días a Taranto en Italia da man do profesorado experto (Cristina Santana, profesora de Economía).

b. Analizamos pautas de comportamento en datas de maior consumo como pode ser black Friday, Nadal, día dos namorados. Fixemos un estudo do que está a acontecer en outros países como o BUY NOTHING day, a “Köpskam sueca ou “vergoña de mercar”.

c. Participamos de modo colaborativo co departamento de agraria nos proxectos que realicen, coa finalidade de realizar un traballo sobre ou consumo responsable, onde analizaremos o que oculta a etiquetaxe dous produtos ecolóxicos e a realidade que hai detrás que o consumidor non repara en ler. O proxecto chamarase “sabes o que mercas?”, todo relacionado cá venda de produtos ecolóxicos de produción propia.

2) <u>Emprego de sistemas de transporte que non contaminen</u>: algúns dos alumnos que viven nas proximidades do centro, poden usar a bicicleta ou o patinete como opcións de transporte, sobre todo, por ser un medio máis eficiente no uso de enerxía. Outras opcións que se fomentarán son a utilización de vehículos compartidos, transporte público, entre outras, de maneira que se utilice menos enerxía por pasaxeiro. Desenvolverase unha actividade na que se marcará a distancia de sitios emblemáticos da comarca en quilocalorías, aproveitando a posta en valor do patrimonio e a súa vinculación coa saúde (estase realizando neste intre, rematará en xuño). Difundirase a campaña a través das RRSS, o sitio web do centro, entre outros. Dentro dos recreos activos o luns 29 de maio vaise facer un roteiro en bicicleta durante todo o día.

3) Animar ás empresas a <u>ter un compromiso ecolóxico</u>: apoiar a comercios que eviten o desperdicio de alimentos, mesmo mediante a recollida de restos de alimentos para compostar para empregar no propio IES, ou mediante o destino da parte da produción da horta do IES a persoas que o necesiten. Temos o compromiso co Concello de Arzúa para traballar nun composteiro comunitario. Desta forma redúcese o desperdicio de alimentos e tamén se beneficia a persoas en situación de vulnerabilidade. Deste xeito conseguimos que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras, actuando no mercado de forma autónoma, responsable e solidaria.

4) Reducir o impacto como turistas: volvemos empregar o Camiño de Santiago como corredor ambiental. Para elo o que fixemos foi calcular o impacto do turismo que exerce sobre o medio e, sobre todo, sobre o medio que nos rodea, a limpeza do camiño, percorrido e potenciación dos recursos naturais, tanto materiais como inmateriais. Facendo un estudo económico e ambiental multilingüe que minimice a pegada turística e concienciе sobre o concepto de "basuraleza". En diferentes saídas do centro, fomentarase o "plogging" para que o alumnado reflexione sobre o impacto do lixo en contornos naturais.

Por outra banda, queremos analizar a influencia no desenvolvemento económico, comercial, cultural e paisaxístico que teñen os camiños de peregrinación. A idea é que xurda un proxecto de negocio que poida desenvolverse na zona polo alumnado. Este proxecto estase a rematar polo que só o mencionamos, pero non podemos mostrar o traballo feito polo alumnado xa que está en proceso. Indicar neste senso, o traballo realizado a principio de curso no establecemento de puntos de lectura pola vila de Arzúa como puntos de intercambio de libros, dentro do proxecto, Cruce de libros, Cruce de Camiños.

5) Facer un uso adecuado dos recursos naturais: aforrar os recursos cos que se teña contacto diariamente, por exemplo o coidado da auga e a enerxía eléctrica, a eficiencia enerxética, etc. Este curso académico o IES de Arzúa fixo melloras de eficiencia enerxética e aforrou a cantidade de 300 €/mes de gasto lumínico, simplemente facendo unha inversión de 2.000 € a principio de curso para que se apagasen unha de cada dúas lámpadas polos corredores e que os sensores de presencia estiveran menos tempo coa luz acesa e mellor orientados.

Con accións que se poden realizar día a día pódese diminuír o seu uso, por exemplo comprar lámpadas máis eficientes, substituír os aparellos electrodomésticos vellos por outros que fagan un uso máis eficiente da enerxía e apagar as luces nas aulas baleiras. O fomento de patrullas de control enerxético e de residuos cero serán o comezo da acción. O IES realiza a Semana Internacional da Xestión Residuos, comezando a campaña de "Un Arzúa Sostible e Limpo". Instalando papeleiras de separación de residuos nas aulas, traballando de forma moi estreita co persoal de limpeza. Fanse patrullas de limpeza e control enerxético, unha exposición de lixo en bolsas transparentes e fotos de lixo "in situ". Traballase de xeito estreito coa Sociedade Galega Internacional onde levaremos una microexperiencia "Arzúa sen lixo" que será presentada no encontro anual. Creouse un punto de reciclaxe con contedores de papel, plásticos, latas, pilas, aceite, etc... Realízase a cooperación coa corporación local para a centralización de recollida de tapóns e posterior entrega á Fundación Amigos de Galicia.

6) Fomento de valores e campañas ambientais: diversas campañas dirixidas ao que pode facer o alumnado para non danar o medioambiente, como se pode diminuír o cambio climático e sobre todo, que accións poden ir encamiñadas a revertelo. Campañas de concienciación, carteis, potenciación das redes sociais, son as principais accións a levar a cabo. Dende o IES de Arzúa, desenvolveuse desde o módulo de Educación ambiental unha investigación de diversos parámetros como pode ser a redución da pegada de carbono que se produce nas nosas instalacións e leiras de prácticas, pero non só durante un curso académico, senón para facelo duradeiro no tempo. Desde xaneiro de 2022 o IES de Arzúa é un dos 923 Centros de toda España que conta coa "Acreditación ERASMUS+ School" para o vindeiro período 2022-2027. Este plan ERASMUS+ está vertebrado no Camiño de Santiago e recolle como prioridade principal o medio ambiente e loita contra o cambio climático. Estase a comezar co proxecto Raíces e Brotes (Roots&Shoots) programa educativo do Instituto Jane Goodall, para a realización de proxectos de aprendizaxe para fomentar o respecto e a empatía por todos os seres vivos, que promoven o entendemento entre todas as culturas e crenzas e que motivan a cada individuo a actuar para facer do mundo un lugar mellor.

A verdade foi que ao principio de cruso tivemos unha moi boa acollida por parte de porfesorado que se incorporaba ao centro, senón que tamén por parte do equipo directivo, xa que a metade pertence ao Departamento de Agraria.

A comprensión de todo o que estaba a suceder era moi complexa, polo que tivemos que reflectir nun pequeno debuxo as principais actuacións que se pretendían levar a cabo.



Todo parte do noso IES, no que centralizamos unha gran cantidade de proxectos que inflúen de xeito natural e continuado no noso Concello, xa que, o proxecto é de tal escala que non pedemos quedarnos só no instituto.
Os Plans proxecta solicitados este ano teñan unha relación directa có proxecto Voz Natura, que como se pode ver xa está ao mesmo nivel que as actividades da Biblioteca. Dentro das Actividades Complementarias á Formación destacamos o proxecta Mestres Gandeiros, do cal se fará unha publicación na Revista Eduga da investigación realizada.
Pero non só traballamos con todos estes proxectos, senón que este ano o profesorado e o alumnado comezaron a facer estadías en empresas e institucións noutros países de Europa (Italia, Grecia, República Checa, ....) replicando as accións que se estaban levando a cabo no noso IES, como por exemplo: "As compañeiras Cristina e Alicia crearon unha empresa baseada na economía social para pór en práctica obxectivos da Axenda 2030, nomeadanente os ODS 6 e 12. Porén, nomearon tres directoras para os departamentos de Marketing, Finanzas é Loxística e crearon unha moeda social. O sábado montaron o "Mercadillo TaranTINO" coas achegas da Comunidade educativa e a responsable de UNICEF en Taranto. A Directora do Departamento de Linguas e Coordinadora do Programa Erasmus+ (Annamaria), fará entrega dos cartos recadados no mercado para colaborar cun programa de UNICEF enfocado na potabilización de auga en países en desenvolvemento." Coma se pode ver no Istagram do IES.
Este curso traballouse de xeito máis automático con esta rede social e con Facebook, xa que son dúas plataformas que dan unha visibilidade e inmediatez que non permiten as Webs dos Centros (na cal se reflicten todas as actividades máis polo miudo).

E tivemos tamén a sorte de caer nas mans de Ayuda en Acción. Ester e Alejandra deron un pulo distinto a nosa formación e ás vidas do noso alumnado de Formación profesional das dúas familais profesionais en todos os niveis. Participamos no Proxecto eMprende (Emprende esta financiado polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións cos fondos Next- Generation EU dentro do plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.).

eMprende nace como unha ferramenta para docentes e unha oportunidade para o alumnado de Formación Profesional en aspectos fundamentais como o establecemento de plans de orientación vocacional, a adquisición de competencias crave ou o coñecemento da contorna para identificar oportunidades. eMprende establécese en centros educativos de Formación Profesional tanto con alumnado como con profesorado. Busca alianzas e colaboracións con actores crave da contorna próxima aos centros en cuestións de emprendemento e empregabilidade, creando sinerxías entre centro e arredores, todo elo artellado nun sistema de seguimento e avaliación que permite medir o impacto e mellorar o proxecto para o seu replicabilidad e sustentabilidade.

No curso 2022-2023 eMprende traballa en 3 comunidades autónomas (Galicia, Estremadura e Andalucía) con 51 centros educativos e da man de 27 facilitadores (responsables). Concretamente en Galicia trabállase no noso IES, o de Arzúa. Alejandra Mourelos (facilitadora e encargada do Proxecto no IES) traballou co alumnado de FP básica da familia agraria e administrativa, co alumnado de ciclo medio da familia agraria e co alumnado de ciclo superior da familia agraria e administrativa. En total traballouse con 113 alumnos/as a través de sesións grupais e individuais durante todo o curso escolar. En FP básica traballáronse a través de 23 sesións grupais, competencias como a autoestima, o liderado, a resolución de conflitos. No ciclo medio e superior traballouse a través de 13 sesións grupais, as competencias citadas anteriormente e sesións de emprendimiento. Todo este Proxecto culminou nunha feira de emprendemento onde todo o alumnado presentou os seus proxectos (traballados anteriormente no Proxecto Emprende) ante empresas da contorna, representantes do concello de Arzúa e de asociacions que se acercaron, incluído Voz Natura.

Os proxectos foron amosados por: 1º e 2º de FP básica da rama administrativa e agraria. 1º e 2 de ciclo medio da rama agraria. 1º e 2º de ciclo superior da rama administrativa e agraria.

A reciclaxe, o medio natural (resina, pragas e enfermidades forestais, razas gandeiras autóctonas), a creación de empresas de produtos naturais e de cercanía, foron algúns dos stands que fixeron que o proxecto fose considerado un dos mellores de España.

Con esta iniciativa conseguiuse que o tecido empresarial se acercase ao alumnado e apostase por inicitivas empresariais elaboradas polo alumnado. Un equipo de alumnos foi patrocinado directamente por unha empresa resineira, coa que se colabora activamente no centro, xa que se pretende facer un estudio do potencial resineiro da Galicia central no noso IES, empregando para elo Drons e imaxes LIDAR, acompañado todo de medicións de microresinación a distintas alturas dos piñeiros. Creando deste xeito un novo aproveitamento para a madeira e para o rural galego.

Estas foron as principais liñas de actuación que se pretendían facer no noso IES.

Unha vez analizada a nosa avaliación previa do proxecto chegamos á conclusión de que se debería satisfacer dun xeito eficiente as necesidades educativas do alumnado do noso centro, mellorar a nosa práctica docente, conseguir a integración das diferentes etapas educativas dos Ciclos Formativos, dar resposta ás demandas de atención do alumnado, deseñar a formación que queriamos acadar, deseñar e facer os materiais didácticos que máis se adaptaban aos contidos que queriamos transmitir e dar saída as nosas inquietudes. Para elo, empregouse coma ferramenta diferencial o Clube de Ciencias, onde tanto o profesorado da ESO, coma de FP, acompañado do alumnado de Ciclos formativos, estableceron unha sinerxía evolutiva ao longo do curso. O Clube de Ciencias que se creou por primeira vez no IES de Arzúa pertence ao entorno da aprendizaxe non formal, aínda que, os obxetivos non son tan distintos dos da ensinanza formal. Concretamente, coa implantación deste Club pretendimos:

- Fomentar o espíritu emprendedor mediante a adquisición de habilidades para iniciar un proxecto, un taller ou unha feira de ciencia.
- Promocionar a aprendizaxe basada en proxectos e a aprendizaxe colaborativa a través da investigación Científica, ofrecendo ferramentas de RRI (Responsible Research and Innovation) para o alumnado, con proxectos que poidan axudar a resolver os problemas da nosa contorna.
- Promover valores e aptitudes tales como a tolerancia, respeto, responsabilidade, empatía, creatividade, adaptabilidade, liderazgo, entre outros.
- Promover a vocación científica do alumnado difundindo e fortalecendo o interese e a comprensión dos coñecementos científicos e tecnolóxicos, das súas formas de producción, das súas aplicacións, da súa importancia e dos seus impactos na calidade de vida e no pensamento humano.
- Contribuír cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 da ONU, especialmente con algúns como o: "Acción polo clima", "Vida de ecosistemas terrestres", "Produción e consumo responsables" ou "Saúde e benestar".

Todo este proxecto ten unha maneira de ser, que ven resumido nin proverbio chino: "O que escoitas esquécelo, o que ves lémbralo, o que fas apréndelo".

Sempre que se puido contouse coa colaboración do Concello de Arzúa e de institucións e profesionais que axudáronnos a analizar a contorna do noso centro e centralizar as distintas actividades e necesidades axustándonos á realidade circundante. Compre destacar a axuda de Aurora (Concelleira de Cultura) e de Miguel Vallo (Concelleiro de Medioambiente)

A principal característica de Arzúa e de Galicia é a súa gran riqueza paisaxística, natural e cultural. Para elo traballamos con distintos Plans Proxecta.

Como por exemplo, os departamentos de Relixión, Historia e Agraria, aunaron forzas para comprender e interpretar as paisaxes próximas a través dos seus elementos constitutivos, neste caso Empregouse o Camiño de Santiago coma elemento asociada á paisaxe. Esta ruta, a través da súa diversidade (vexetal, animal,...) e do seu valor cultural e simbólico (fontes, hórreos, muros, igrexas, cemiterios,...) e sobre todo o preto que se atopa a mesma do noso centro fan dela un piar fundamental da paisaxe do Concello. Nesta ruta aprenderemos entre todas e todos a importancia do pasado para vivir o presente, e para a construción dun futuro sostíbel.

A educación ao longo da vida é a peza fundamental para valorar do xeito que se merecen os nosos recursos naturais. É por iso, que empregamos a transversalidade que nos ofrece o noso Centro, para coñecer o medio que nos rodea e como funciona. Esta transversalidade tamén nos permite asumir, como habitantes, a nosa responsabilidade na súa destrución, sobre todo sen caer en derrotismos innecesarios xa que, somos perfectamente capaces de freala: conservando e recuperando.

Queremos implicar ao conxunto da sociedade, comezando polos máis cativos, na importancia de usar a natureza de forma racional para fomentar a conservación e o uso sostible de este recurso.

Para elo, complementamos a guía que tiñamos feita de  cursos anteriores para dar a coñecer a paisaxe con datos e actividades para dar a coñecer os valores ecolóxicos do Camiño, a súa problemática e aportar ideas sinxelas que axuden a empregalo de forma solidaria e responsable.

Estas foron as principais ideas ao principio de curso, pero en canto o profesorado e o alumnado comezaron a ver o alcance da actividade de Voz Natura todo cambiou. Case a totalidade dos Departamentos didácticos sumáronse á colaboración coa iniciativa aportando dun xeito ou doutro. Creemos que nos quedamos lonxe do impacto do proxecto que se xerou o curso pasado, xa que este partíamos de ideas e grupos formados. Aínda así, o equilibrio acabado entre as actividades/temporalización foi un éxito, xa que aunamos máis forzas do que pensabamos.

A colaboración do novo equipo directivo do IES foi un piar onde se sostivo o proxecto, xa que en todo momento mostraron dipoñibilidade e accesibilidade ante calquera das actuacións ou actividades que se propuxeron.

Despois da nosa experiencia deste curso académico e en relación có curso académico anterior, detectamos a seguintes vantaxes:

A. Respecto ao alumnado

- A nosa avaliación da práctica docente foi e será máis continuada e permanente, o que facilita a actualización da inclusión de novas metodoloxías de ensino aprendizaxe.
- O traballo en equipo dos docentes é sempre un bo exemplo para o alumnado. É imposible ensinar a colaborar, se non se comeza desde o exemplo.
- Aumenta a imaxinación e creatividade, xa que é unha aprendizaxe práctica e interactiva que esperta a imaxinación e fomenta a creatividade.
- Os estudantes vólvense máis entusiastas e participan máis nas leccións, o que mesmo pode aumentar o seu rendemento.
- Visión máis global, xa que permite aos estudantes apreciar a interconexión entre problemas sociais, ecolóxicos, económicos, culturais e políticos.
- Alenta un estilo de vida saudable xa que os estudantes comezan a interesarse por comprender diferentes aspectos dos problemas para albiscar o panorama completo. Ademais, promove a tolerancia de varios puntos de vista e distintas culturas.
- Protexe o medio ambiente ao crear conciencia nos estudantes para comprender como as súas decisións e accións afectan o medio ambiente.
- Concienciación sobre a importancia do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), especialmente ODS 1 Fin da pobreza; ODS 3 Salud e benestar; ODS 4 Educación de Calidade; ODS 5 Igualdade de xénero; ODS 6 Auga limpa e saneamento; ODS 7 Enerxía asquible e non contaminate; ODS 8 Trabllo decente e crecemento económico; ODS 10 Redución das desigualdades; ODS 11. Cidades e comunidades sostibles; ODS 12. Produción e consumo responsables; ODS 13. Acción polo clima; ODS 14. Vida submarina; ODS 15 vida de ecosistemas terrestres; ODS 16 Paz, xustiza e institucións sólidas; ODS 17 Alianzas para lograr os obxectivos.

B. De cara as familias:

- Unha gran acollida de cara as familias xa que todo o profesorado se implica nun proxecto de centro e parte de uns obxectivos comúns. A implicación das familiar foi un factor fundamental e parte delas colaborou na realización dalgunha actividade.
- Concienciación sobre a importancia do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), especialmente ODS 1 Fin da pobreza; ODS 3 Salud e benestar; ODS 4 Educación de Calidade; ODS 6 Auga limpa e saneamento; ODS 8 Traballo decente e crecemento económico; ODS 11 Cidades e comunidades sostibles; ODS 12 Produción e consumo responsables; ODS 13 Acción polo clima; ODS 14 Vida submarina; ODS 16 Paz, xustiza e institucións sólidas; ODS 17 Alianzas para lograr os obxectivos..

C. <u>Para os docentes</u>

- Colaborar proporciona oportunidades de aprendizaxe, grazas á reflexión conxunta do equipo docente.
- Redúcese en boa parte o exceso de traballo, xa que se comparten as cargas e as presións. Pero non só iso, senón que o profesorado terminan poñéndose no sitio do outro. Grazas á sinerxía dos membros do grupo propíciase unha mellora da actuación docente, unha maior calidade educativa, poténciandose o desenvolvemento persoal de cada un dos docentes, xa que ao traballar en equipo obtense seguridade e afecto, ademais dun constante contacto e diálogo.
- Concienciación sobre a importancia do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), especialmente ODS 1 Fin da pobreza; ODS 3 Salud e benestar; ODS 4 Educación de Calidade; ODS 5 Igualdade de xénero; ODS 6 Auga limpa e saneamento; ODS 7 Enerxía asquible e non contaminate; ODS 8 Trabllo decente e crecemento económico; ODS 10 Redución das desigualdades; ODS 11. Cidades e comunidades sostibles; ODS 12. Produción e consumo responsables; ODS 13. Acción polo clima; ODS 14. Vida submarina; ODS 15 vida de ecosistemas terrestres; ODS 16 Paz, xustiza e institucións sólidas; ODS 17 Alianzas para lograr os obxectivos.

D. <u>Para o Centro e as familias tras a creación do grupo interdisciplinar do curso pasado</u>:

- Facilitar a formación necesaria para o fomento de metodoloxías innovadoras e experimentais que impulsen melloras nos procesos de aprendizaxes. Creando unións entre distintos grupos e niveis, tanto do profesorado como do alumnado, establecendo un traballo conxunto e integral para fomentar as relacións interdisciplinares e participación da comunidade educativa.
- Facilitar contextos significativos para integrar as aprendizaxes relacionado coa saúde, o medio ambiente e o desenvolvemento sustentable, a cooperación e solidariedade, a igualdade e, a comunicación lingüística, a biblioteca, a educación emocional (mediante a colaboración activa do Proxecto emprende de Axuda en Acción), a promoción da arte e a interculturalidad e a incorporación a realidade patrimonial do Concello tanto material como inmaterial, de maneira que se propicie o coñecemento e o respecto.
- Fomentar a participación educativa e colectiva das familias e o seu papel activo a través da ANPA, facéndolles partícipes nos procesos de formación dos seus fillos e fillas. Para iso realizáronse actividades relacionadas coas familias a través da figura das ENAPAS.
- Fomentar a participación educativa e colectiva do alumnado e o seu papel activo a través das asociacións, así como a súa importancia como axentes de cambio. O grupo de Residuos Cero, o grupo de colaboradores da biblioteca, os participantes na feira de emprego do proxecto eMprende

## 2. OBXECTIVOS

Sempre que comezamos a traballar no proxecto Voz Natura, intentamos que cada ano sexa sumativo, é dicir, coller os obxectivos do proxecto anterior e renovar os valores desta nova edición.

O curso pasado os obxectivos platexaban a adquisición da capacidade de elaborar contidos interdisciplinares, sendo os obexecivos:

1. Identificar os principais elementos da contorna natural, social e cultural, analizando a súa organización, as súas características e interaccións e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
2. Coñecer as principais características da comarca paisaxística. O seu territorio, a súa historia e a súa cultura, respectala e contribuír á súa mellora. Desenvolver a comprensión da paisaxe onde vive e reside o noso alumnado a través do recoñecemento dos seus elementos constitutivos, da diversidade natural e cultural, tanto material como inmaterial, do valor simbólico e da importancia da preservación do territorio e da paisaxe.
3. Empregar ferramentas gráficas que permitan representar o espazo: cartografía (mediante o emprego de SIX), fotografía (fotografando distintos puntos e paradas, elementos singulares,...), ...
4. Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, entre distintas idades e rexións de procedencia, respectando os principios básicos do funcionamento democrático en igualdade (familias, veciños, etc.).
5. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio e de conservación do patrimonio cultural, tanto material coma inmaterial.
6. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos histórico.
7. Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural, social e cultural mediante o uso adecuado da linguaxe oral e escrito e outros (códigos alfanuméricos, gráficos ou cartográficos).
8. Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, mantendo unha actitude crítica ante o seu uso e os seus contidos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida de todas as persoas.

Os obxectivos que foron xurdindo neste curso e que cabe mencionar:

1. Creación dunha rede de traballo cooperativa na comunidade educativa entre alumnado, profesorado, familias e/ou institucións da contorna.
2. Interdisciplinariedade (achegas desde distintos departamentos didácticos, disciplinas ou materias) e transferibilidade do proxecto.

12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES

Pero este Curso a temática era distinta á anterior, polo que implementamos o proxecto có CONSUMO RESPONSABLE. Polo tanto comezamos a traballar baixo o paraugas do ODS da Axenda 2030:

OBXECTIVO 12: GARANTIR MODALIDADES DE CONSUMO E DE CONTROL SUSTENTABLES.

Polo tanto recurrimos aos obxectivos que poidan implementar o noso traballo destes anos no noso IES:

- PLANS DE CONSUMO E PRODUCIÓN RESPONSABLE: Aplicar actividades de Consumo e Produción Sustentables, coa participación de toda a comunidade educativa e baixo o liderado da dirección do centro, tendo en conta o grao participación e de inclusión das distintas actividades do centro dentro de Voz Natura
- USO EFICIENTE DE RECURSOS NATURAIS : Intentando lograr a xestión sustentable e o uso eficiente dos recursos naturais do noso IES, tanto dentro coma fora das aulas, e desde o xardín ata as fincas de prácticas.
- DESPERDICIOS DE ALIMENTOS: Intentando reducir as perdas de alimentos nas cadeas de produción e subministración, incluídas as perdas posteriores á colleita. Para elo puxéronse produtos naturais e de cercanía no noso IES, non só para que o alumnado se forme, senón que para favorecer esa redución
- XESTIÓN DE REFUGALLOS E PRODUTOS QUÍMICOS: O emprego de produtos naturais coma fertilizantes ecolóxicos, insecticidas a base xabón e aplicación de distintos produtos naturais para intentar minimizar os efectos sobre a saúde humana e o medio ambiente. Xa desde fai tempo o IES leva facendo campañas de xestión e recoleción de refugallos, papel, plásticos, residuos orgánicos para minimizar os efectos sobre o medio ambiente
- PREVENCIÓN, REDUCIÓN, RECICLADO E REUTILIZACIÓN DE REFUGALLOS: Intentar a realización das 3R e engadindo a prevención, levando a cabo accións que as minimicen.
- EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: Xa desde os comezoas nos anos 80 coa Formación Profesional, os Departamento de Agraria leva traballando para a educación sustentable, e có paso dos anos, cando os centros se uniron, apareceron novas materia que se misturaron coa FP, coma Bioloxía, ...dando ao alumnado os coñecementos para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida en harmonía coa natureza e saudales
- A CIENCIA E TECNOLOXÍA PARA SUSTENTABILIDADE: Desenvolver e fortalecer a capacidade científica e tecnolóxica para avanzar cara a modalidades de consumo e produción máis sustentables. Empregado menos carga lumínica no IES como exemplo máis salientable.
- TURISMO SUSTENTABLE: Elaborar e aplicar instrumentos para vixiar os efectos no desenvolvemento sustentable, a fin de lograr un turismo sustentable e a cultura e os produtos locais. Para iso empregase o Camiño de Santiago coma eixe vertebrador das actividades, xa que Arzúa é Cruce de Camiños.

- REGULACIÓN DE SUBSIDIOS A COMBUSTIBLES FÓSILES: Por exemplo o emprego de maquinaria para a realización das prácticas da familia profesiona de agraria que non os empreguen, apostado por baterias recargables.

## 3. ACTIVIDADES REALIZADAS DESENVOLVEMENTO, RESULTADOS, IMAXES

A interdisciplinariedade ou unión de varias materias afíns para abordar os contidos do currículo de forma máis global é algo que xa estabamos a realiar no noso centro. Fórmulas de ensino como a aprendizaxe cooperativa, a interdisciplinariedade ou transdisciplinariedade ten a gran vantaxe de conectar os coñecementos/realidade, permitindo traballar e pór en práctica os contidos incluso podendo adaptalos ao alumnado. Este xeito de traballar supón unha aprendizaxe máis suxestiva poñendo a aprendizaxe ao servizo da comunidade educativa (profesorado/alumnado/familias/Persoal non docente), para dar resposta a unha finalidade tanxible. A metodoloxía empregada require moito traballo cooperativo do alumnado e a incentivación do seu traballo autónomo, co profesorado como gurú, o que oferta a posibilidade de unir proxectos por coñecementos de forma que varios docentes poden supervisar e avaliar un mesmo traballo, o que reduce a sensación de ter moitas tarefas desconectadas entre si.

Deste xeito nacen a maior parte das actividades do noso IES. A continuación mostramos unha listaxe do total de actividades que viñeron facendo no noso IES e que non só se quedaron nel, senón que sairon á rúa, uniron as familias e cruzaron fronteiras.

Un departamento que está a levar a cabo o traballo cos ODS e o Departamento de Economía/Biblioteca, polo de xeito transversal traballouse con todo o alumnado os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), facendo sempre unha lectura en paralelo da repercusión económica de cada un dos temas traballados en todas as materias. Por elo os resultados obtidos reflictense nos mesmo ODS e coas Imaxes que demostran o traballo e a súa relación.

As fichas descritivas das distintas actividades pódense ver nas RRSS do noso IES e a Web do mesmo. De tódolos xeitos en cada unha das fichas das actividades vanse enlazar, del tal xeito que quede un resumo claro de cada actividade realizada.

Para poder xestionar a gran cantidade de actividades realizadas vanse a dividir en dous:
A) ACTIVIDADES DE INTERÉS MEDIOAMBIENTAL (38 ACTIVIDADES)
B) VISITAS DE INTERÉS MEDIOAMBIENTAL (20 VISITAS)



# ACTIVIDADES DE INTERÉS MEDIOAMBIENTAL

IES DE ARZUA

# Actividade 1

## RESIDUOS CERO SEMPRE

### DESENVOLVEMENTO:

**Parabéns ós emprendedores do curso pasado (2021-22). Solidariedade galega internacional segue a difundir en redes sociales a vosa microexperiencia "Arzúa sen lixo". Estades no globo!!!**
**O IES de Arzúa este curso seguirá traballando nesta liña: RESIDUOS CERO SEMPRE.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HBOb




...E o Globo continúa xirando grazas a vós!
...E o Globo continúa xirando grazas a vós!






Arzúa sen lixo




acémonos
esponsables da nosa
orma de mercar




Vaidelas: va de nosotras

# Actividade 2

## UNHA AMENAZA CHEGADA DO ESPACIO EXTERIOR

### DESENVOLVEMENTO:

**Na semana do 19 ao 23 de setembro estiveron expostos no corredor do IES de Arzúa uns paneis sobre Flora Exótica Invasora orientada sobre todo aos ríos galegos.**
**O luns houbo dous obradoiros, un para alumnado de 1° ESO e outro para alumnado de bioloxía de 4° ESO, 1° BACH e FPB de Agroxardinaría e Composicións Florais.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES








Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HBc0










UNHA AMEAZA CHEGADA DUN ESPAZO EXTERIOR
A FLORA EXÓTICA INVASORA NO CURSO MEDIO DOS RÍOS


UNHA VIAXE INTERGALÁCTICA PARA INVADIR NOVOS ESPAZOS
UNHA AMEAZA CHEGADA DUN ESPAZO EXTERIOR
A FLORA EXÓTICA INVASORA






A FLORA EXÓTICA INVASORA NO CURSO MEDIO DOS RÍOS GALEGOS

# Actividade 3

## PROGRAMA eMprende

### DESENVOLVEMENTO:

**Cambiar o presente para garantir o futuro. Este é o Lema do proxecto piloto eMprende que pretenden impulsar a orientación vocacional integral en Andalucía, Estremadura e Galicia, có intento de diminuír o abandono educativo. Este Curso o IES de Arzúa participa activamente no proxecto eMprende cos nosos Ciclos de FP. Traballarán activamente nos nosos ciclos.**
**Este proxecto enmárcase dentro das accións cofinanciadas polo Ministerio de Inclusión Seguridad Social y Migraciones cos Fondos Next Generation EU dentro do Plan de Recuperación Transformación y Resiliencia.**
**Un pracer contar este curso con este proxecto tan interesante!!**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES









Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1792
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1832 https://shre.ink/HKKI




Ayuda en Acción | eMprende
Cambiar el presente
Garantizar el futuro
eMprende















IES DE ARZUA




































Noticia 1
La sociedad en general



















# Actividade 4

## LIMPEZA DE PRAIAS

### DESENVOLVEMENTO:

**Neste Curso o IES de Arzúa continúa a traballar no activismo medioambiental relacionado coa auga, neste caso as augas mariñas, e na análise das externalidades negativas causadas pola acividade económica. O venres 14 de outubro, todo o alumnado de FP básica de administrativo e de agraria, todo o alumnado de CS de administrativo, 1º ESO, 4º ESO (alumnado de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial) e 1º CS de Xestión Forestal, acompañado polo seu profesorado, participou na XI recollida simultánea de Praias convocada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).**
**Persoal encargado da Asociación recibiunos na Praia Grande de Miño e acompañounos ó longo da actividade. O que se pretendía era ver o impacto do turismo nos nosos areais, e intentar que o mar se leve a menor cantidade de lixo posible antes dos grandes temporais.**
**Ainda que parecía que a praia estaba limpa, nunha hora recolléronse 1.100 cabichas, abundantes bastóns dos ouvidos e restos de plásticos e outros materiais non orgánicos. Valga esta actividade como chamada de atención sobre a problemática dos residuos na sociedade actual. Moitas grazas a ADEGA polo asesoramento no protocolo de limpeza e ó Concello de Miño por suministrarnos as bolsas e luvas para a recollida.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1803
https://www.instagram.com/p/CjYmxHfjC0l/?utm_source=ig_web_copy_link&igshid=MzRlODBiNWFlZA==





































# Actividade 5

## CLUB DE CIENCIAS

### DESENVOLVEMENTO:

**Por primeira vez no IES de Arzúa comezamos a andaina do CLUB DE CIENCIAS!! Este luns 17 de outubro comezamos coas primeiras actividades!!**
**Estade moi atentos que en breve seguiremos con máis!**
**Por exemplo:** ***O club de Ciencias continúa a facer actividades que fomenten a economía circular e para iso durante a segunda sesión o alumnado realizou tres actividades distintas.***
***Por un lado elaborou pezas de xabón como se facía antaño a partir de aceite usado de fritir (Xabón da Avoa ou de Castela).***
***A segunda actividade consistiu na elaboración de velas de aceite de fritir empregando frascos de vidro xa utilizados. Estas velas empregaranse no próximo taller para facer centros de mesa navideños.***
***A última das actividades consistiu na elaboración de bálsamos labiais naturais con minerais para protexer os beizos do frío.***
***Atentos ao "gusanito"...***

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES








Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKhX
https://shre.ink/HKw4 https://shre.ink/HKwi https://shre.ink/HKwo https://shre.ink/HKwW
https://shre.ink/HK5E https://shre.ink/HK5u https://shre.ink/HK5x https://shre.ink/HK5s
https://shre.ink/HKHV
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1807 http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1827











# CAMIÑA CARA O CAMBIO. ACTÚA EN VERDE
















































# Actividade 6

## INCENCIOS FORESTAIS

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 2 CM de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural e 2 CS de Xestión Forestal e do Medio Narural, visitan o parque de bombeiros de Arzúa (S.P.E.I.S. 06 Arzúa), onde puideron ver o procedemento de traballo deste organismo, así como os medios e equipos dos que dispoñen, para desenvolver o seu traballo. O alumnado rematou a actividade cun tendido de mangueiras.**

**-----------------------------------**

**Actividade formativa para os módulos de prevención e defensa contra incendios forestais cos segundos de ciclo medio e superior. Visitounos a brigada de Arca, do Distrito III cunha pick-up cun depósito de 450 l accionado por unha bomba. Ademáis ensináron EPI, ferranentas manuais e equipos de traballo. -----------------------------------**

**O alumnado de 2° CM de Traballos forestáis e conservación do medio natural e 2° CS de Xestión forestal e do medio natural, asistiron a unha actividade práctica coa motobomba de Sobrado e a brigada de Melide, do Distrito III. Esta actividade tivo lugar no punto de auga de Trapa.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: [http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1806](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1806)
[https://shre.ink/HKHb](https://shre.ink/HKHb) [https://shre.ink/HKxU](https://shre.ink/HKxU) [https://shre.ink/HKxA](https://shre.ink/HKxA)

Ayuda en Acción eMprende
Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea
Erasmus+ Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia




BOMBEIROS
112








112




BOMBEIROS































# Actividade 7

## MINIEMPRESA FLORARZÚA #NOFLORALFOAM

### DESENVOLVEMENTO:

**A nosa Miniempresa FlorArzúa, na que participan a FpBásica de Agraria e de Administrativo celebrou un Mercado de Santos coa elaboración de Centros Florais, decoración de espazos e atención á clientela. Noraboa ao noso alumnado que estiveron a traballar a reo.**

**E por si non fora pouco aínda tiveron tempo de facer un pequeno taller de formación do profesorado.**

**#nofloralfoam Seguimos sen o emprego de esponxas para minimizar a contaminación**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKBM



















# Actividade 8

## PREPARACIÓN DO TERREO PARA A PLANTACIÓN DE PEQUENOS FROITOS E DIVERSIDADE DE CULTIVOS

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de FPBásica de Agroxardinaría e composicións florais xunto ao alumnado do Ciclo Medio Dual de Produción Agroecolóxica realizaron a preparación do terreo para a plantación de arandos, grosellas, moras e frambuesas. Ademais aproveitaron o bo tempo para realizar a sementeira dos cultivos forraxeiros de inverno.**

**Deste xeito xa temos sementado na nosa finca de prácticas chícharo+avea e a mestura de trevos forraxeiros e raigrás, apostando así pola diversidade e a rotación de cultivos.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKl7



















# Actividade 9

## MAGOSTO EXPRÉS

### DESENVOLVEMENTO:

**celebramos o noso MAGOSTO EXPRÉS, no que participou todo o alumnado do IES. Desde os máis pequenos ata os máis maiores participaron da foliada organizada polo profesorado, o departamento de Dinamización Lingüística e o de Actividades Complementarias á Formación. Grazas ao alumnado de 2º de FpBásica de Servizos Administrativos e 2º de Ciclo Medio de Aproveitamento e Conservación de Medio Natural pola axuda na decoración e reciclaxe dos vellos xornais.**
**E tamén desfrutamos das castañas asadas!**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1847
https://shre.ink/HKln



# Actividade 10

## PREPARANDO AS MAGNOLIAS ATA QUE LUZAN MARABILLOSAS

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 2º CM de Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural estiveron preparando ás magnolias (atando as ramas e acondicionado os cepellóns) para un transporte axeitado ata que luzan marabillosos nalgún xardín. Un anaquiño de Arzúa e do seu insti repartido polo mundo.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKlM


















M. RODRIGUEZ

# Actividade 11

## COGOMELOS POR DENTRO E POR FORA

### DESENVOLVEMENTO:

**O eco-reto deste mes de Voz Natura era INVESTIGAMOS, e desde o IES de Arzúa non paramos de investigar. Ainda que é o último día do mes non queriamos deixar pasar unha investigación que está en marcha co alumnado de 2º CM de Aproveitamentos forestais e Conservación do Medio Natural e con 1º de CS de Xestión Forestal e do Medio Natural, como é o estudo da contorna. Relacionado cos Proxecta de Paisaxismo e sustentabilidade, Protexe o teu Medio e Mestres Gandeiros, o alumnado percorreou todo o Concello e analizou os diferentes cogomelos, insectos e pragas e enfermidadess que nel conviven, pero non só iso, senón que tamén investigaron a estrutura microscópica dos cogomelos analizándoos en distintos estadíos de crecemento e vendo a súa estrutura interna. Todo un novo descubrimento que nos levou un tempo, e ainda que o tempo non acompañou moito, foi unha experiencia inesquecible para o noso alumnado e unha posta en valor da contorna do IES de Arzúa.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HK3C




C.F. BOI

































































# Actividade 12

## PLANTACIÓN DE ARANDOS, FRAMBOESAS, MORAS E GROSELLAS

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de FP Básica de Agroxardinaría e composicións florais, do Ciclo Medio de Produción agroecolóxica modalidade Dual e do Ciclo superior de Xestión forestal e do Medio Natural, traballaron neste último mes na implantación de arandos, framboesas, moras e grosellas. Realizaron a preparación do terreo, abonado, instalación de acolchados e plantación, así como a sementeira de cubertas vexetais que aseguren a biodiversidade e o control da erosión na parcela. Recolleremos moitos arandos, framboesas, moras e grosellas.**

*Un medio rural diverso e con futuro é posible.*

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKQo https://shre.ink/HKQr





























# Actividade 13

## ECO-NADAL (R+R+R)

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de Relixión do IES fixo un Belén do máis orixinal colocando as súas fotos nas personaxes dando paso ao tempo do Nadal. Todo o material reutilizado e reciclado, sempre pensando en pequeñas accións para o noso planeta.**
**Reutilizamos para reducir residuos, promover valores sociais, xerar novas redes comerciais, aforrar materias primas, reducir a nosa pegada ecolóxica e fomentar o compromiso coa sustentabilidade do planeta.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES








Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1872
https://shre.ink/HKQi











# Actividade 14

## VOOS DE DRONS PARA VER A PAISAXE

### DESENVOLVEMENTO:

**No noso IES tivo lugar unha exhibición de vó de drons por parte de @aerocamaras. Coñecer novas tecnoloxías, sair da rutina de clase, aprender posibles aplicacións, saídas laborais, coñecer a normativa para poder voalos. Deste xeito @aerocamaras mostrou ao noso alumnado como poden introducirse na profesión de piloto de dron e como poden empregarse en distintos sectores. Os informativos de @tvgalicia recolleron a demostración realizada polos nosos amigos de @aerocamaras.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKLb
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1887



















# Actividade 15

## XORNADA DE CETRERÍA

### DESENVOLVEMENTO:

**Na tarde do 20 de decembro tivo lugar no IES de Arzúa unha xornada de cetrería a cargo da empresa Falcóns Galicia, para o alumnado de 2° CM de Aproveitamento e Conservación do medio natural e 2°CS de Xestión forestal e do medio natural. Primeiro impartiuse unha charla sobre cría e entrenamento de aves rapaces; a continuación mostráronse os aparellos empregados en cetrería e realizouse un arranxo de plumas. Finalmente fíxose unha exhibición de aves rapaces en alto e baixo voo na que participou activamente o alumnado.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKZO
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1890








le coq sportif











# Actividade 16

## CURTAS RELACIONADAS COA ECONOMÍA CIRCULAR DO VIDRO E A SÚA RECICLAXE

### DESENVOLVEMENTO:

**O Nadal é un momento propicio para reciclar ao ser unhas datas nas que se produce un gran aumento do consumo, especialmente o de botellas de vidro, xa que son nestas datas cando se xera ata o 20% deste residuo en todo o ano.**
**Para evitar este tipo de accións, o alumnado de Cultura científica da 1º de bacharelato deseñou unha serie de curtas relacionadas coa economía circular do vidro e a súa reciclaxe.**
**Con este tipo de accións o IES de Arzúa continúa a promover accións para alcanzar os obxectivos da Axenda 2030 apostando por manter un medio ambiente sen riscos, limpo, saudable e sostible.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKZ9








26,76
toneladas de CO₂
equivalen a
1.338.213
árboles absorbiendo CO₂ durante un año
719,72
m3 de agua
equivalen a
3.599
duchas de diez minutos
NATURA


26,76
toneladas de CO₂
equivalen a
1.338.213
árboles absorbiendo CO₂ durante un año
719,72
m3 de agua
equivalen a
3.599
duchas de diez minutos
CREATED USING POWTOON
Voz NATURA
¡¡generación eco
ecovidrio






CREATED USING POWTOON



# Actividade 17

## NADAL SOSTIBLE

### DESENVOLVEMENTO:

**A piques de voltar do Nadal, temos que darlle as grazas ao alumnado que participou activamente na decoración do noso IES. Traballaron a reo para deixalo precioso!! Mil grazas! Empregaron en toda a decoración materias do noso xardín e das nosas fincas de prácticas, restos das podas...deste xeito cerramos o ciclo de reciclaxe e cumprimos coa Axenda 2030.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Web/Instagram/Facebook/My Maps: https://shre.ink/HKZg



















# Actividade 18

## MERCADO DE NADAL ECOLÓGICO E ECORECICLABLE + FLORARÍA

DESENVOLVEMENTO:

**Desde os distintos módulos relacionados coa Produción de Plantas, desde a Fpbásica ata o Ciclo superior, pasando polos ciclos medios, fixeron un mercadillo de plantas e verduras. Foi todo un éxito!! Os rapaces de 1° de FpBásica foron os encargados de facer posible este evento! E faltaban os nosos alumnos de Floraría! Eles tamén fixeron o seu especial mercadillo para levásemos as nosas casas un anaco do noso centro, desde as madeiras das árbores das fincas de prácticas, ata ás pequeñas ramiñas dos restos d Sempre reutilizando, reciclando e cumprindo sempre a Axenda 2030.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES







Enlace Instagram: https://shre.ink/HKZs https://shre.ink/HKMw







Mercado Nadal

Mercado Nadal



# Actividade 19

## SEMENTES E ABONOS VERDES

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 1° e 2° de Dual de Produción Agroecolóxica preparou sementeiros para a campaña de primavera e implantou as cebolas e leitugas, ademais de traballar co abono verde. O alumnado de 2 de FP Básica de Agroxardinaría e Composicións Florais puxo en marcha o sistema de rega.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)

- 3 SALUD Y BIENESTAR
- 4 EDUCACIÓN DE CALIDAD
- 5 IGUALDAD DE GÉNERO
- 11 CIUDADES Y COMUNIDADES SOSTENIBLES
- 12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES
- 13 ACCIÓN POR EL CLIMA
- 17 ALIANZAS PARA LOGRAR LOS OBJECTIVOS

### IMAXES






Enlace Instagram: https://shre.ink/HKMa



















# Actividade 20

## LIXO NON

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 4° ESO de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial segue a traballa incansable por un IES sen lixo. Gazas a eles continuamos no programa RECREOS RESIDUOS CERO de Teachers for Future e este ano incorporámonos ao mapa CENIT de educación para a cidadanía global (grupo de investigación da universidade da Coruña).**

**Para concienciar a toda a comunidade educativa seguen organizando as patrullas de recollida de lixo cada 15 días nos segundos recreos dos venres.**

**Este ano continúan coa súa labor de concienciación elaborando unha pancarta feita exclusivamente con lixo (o 90 % provén de envoltorios de chicles) e colocárono a carón do campo de fútbol, lugar onde se xera máis lixo.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES




Enlace Instagram: https://shre.ink/HKMr






ETIQUETAXES TRAMPA
Sabias que?



# Actividade 21

## AS MULLERES NA CIENCIA

DESENVOLVEMENTO:

**No mes de febreiro conmemorouse o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. O alumnado de 1º de bach de Cultura Científica deseñou un documento no que se recollen entrevistas a 12 mulleres galegas que están repartidas polo mundo adiante.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES










Enlace Instagram: https://shre.ink/HKYN
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/node/1943


O PAPEL DE 12 MULLERES
GALEGAS NA CIENCIA
Marisol
...engas González
BIOGRAFÍA


María Alicia
Estévez Toranzo
bioloxía? Sabía que quería adicarse a ela? Por que decidiu dedicarse especialmente á microbioloxía e non a outra especialidade?
De nena e adolescente gustábanme moitas materias e especialmente o debuxo e a pintura, mesmo pensei en estudar Belas Artes. Foi xa durante os estudos do Grao na Universidade de Santiago, cando me xurdiu o interese pola Microbioloxía xa que me apaixonou darme conta de que os microorganismos están en todas partes e que sen eles non existiría a vida.
Algunha vez pensou en "tirar a toalla" por que todo o que estaba facendo non ía a ningures?
Que eu lembre nunca pensei en "tirar a toalla" xa que son das que creo que esforzándose pódese chegar a conseguir o que un desexa. Esta filosofía, xunto con a ilusión polo traballo que se está a realizar


O PAPEL DE 12 MULLERES
GALEGAS NA CIENCIA
Elena
Vázquez Abal
BIOGRAFÍA




O PAPEL DE 12 MULLERES
GALEGAS NA CIENCIA
María Victoria
González González
BIOGRAFÍA
Actualmente é profesora titular e investigadora na facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Por que decidiu especializarse no campo da Fisioloxía Vexetal?
Que diversiones a súa paixón pola ciencia?


Amparo
Alonso Betanzos
A IA é unha parte da informática que ten por obxectivo desenvolver máquinas ou programas que sexan capaces de facer as actividades que realizaría unha mente humana. Por exemplo sería capaz de aprender, de razoar, de comprender e expresarse, etc. En resumo, reproducir a intelixencia humana e responder a unha das preguntas da ciencia: que é a intelixencia e pódese reproducir nunha máquina?
Como evolucionou a ciencia, e en especial o campo da IA, en todos os anos de carreira que vostede ten?
A IA pasou por unhas etapas, chamadas primaveras, e outras que se chaman invernos. Isto débese a que cando xorde a IA, fuxo con moitas expectativas, e a xente que traballaba niso, pensou que pronto iamos a conseguir cousas moi relevantes. O que pasou, foi que isto fallou, pois usábamos algoritmos que perseguían


...e maior quero
ser como ...
O PAPEL DE
...2 MULLERES
...ALEGAS NA
CIENCIA
...rnacional da Muller e a Nena na Ciencia
11 de Febreiro de 2025


África González
Fernández
BIOGRAFÍA


O PAPEL DE 12 MULLERES
GALEGAS NA CIENCIA
María Victoria
Otero Espinar
BIOGRAFÍA

IES DE ARZUA

# Actividade 22

## OLIMPÍADA DE XEOLOXÍA

DESENVOLVEMENTO:

**O mércores 8 de febreiro celebrouse a FASE GALEGA DA XIV OLIMPÍADA DE XEOLOXÍA. Este ano a xornada desenvolveuse en catro sedes:A Coruña, Santiago, Vigo e o Xeoparque Montañas de Courel. Coma sempre, a olimpíada tivo unha parte práctica ou xincana, e outra teórica.**
**Participaron 30 centros de toda Galicia e un total de 220 estudantes de 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato.**
**Na sede de Santiago, Rubén Orois Longarela, do IES de Arzúa obtivo PREMIO ACCESIT 4º ESO!!!**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES




Enlace Instagram: https://shre.ink/HKY7


USC
FACULTA DE BIOLO

# Actividade 23

## ZERO EMISIÓNS COA MAQUINARIA DO IES

### DESENVOLVEMENTO:

**A práctica non se executa sen entender algo a teoría, e iso foi o que aplicaron os expertos de Makita na súa visita ao IES de Arzúa.**
**Despois dunha sesión na que aprendemos sobre baterías e máquinas que se empregan para funcionar, puidemos practicar con pequenas podadoras, motoserras, rozadoras, e demáis ferramentas e maquinaria forestal e de xardinaría, todas elas alimentadas polo mesmo tipo de batería. Unha gran vantaxe para decidirse por esta marca pioneira e innovadora!!!**
**O obxectivo de Makita é levar a cabo unha ampla gama de actividades para a protección do medio ambiente. Toman en consideración a biodiversidade para construír unha sociedade próspera para as xeracións futuras. Estas Accions van unidas sempre cos obxectivos medioambientais do noso IES.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES








Enlace Instagram: https://shre.ink/HK4U




makita
Zero emisiones
makita


D. RAMOS




makita


Zero
emisiones
makita


makita





# Actividade 24

## USC. SILVICULTURA DO PIÑEIRO

DESENVOLVEMENTO:

**Charla de expertos da USC sobre a Silvicultura do piñeiro e saída ó campo, para o alumnado de CM Aproveitamento e conservación do medio natural e CS de Xestión forestal e do medio natural.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES






Enlace Instagram: https://shre.ink/HK42





Kestrel





# Actividade 25

## INCUBACIÓN DA GALIÑA DE MOS

### DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 2° CM de Dual de Produción Agroecolóxica, no módulo de Produción Gandeira incuban ovos de galiñas de Mos. Ovos que foron cedidos pola Asociación de criadores de Galiña de Mos. O alumnado pudo levar a cabo, todo o proceso de incubación e eclosión dos poliños. Posteriormente os poliños foron pasados a unha criadora, onde o alumnado coida dos mesmos, facendo labores de limpeza e alimentación.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Instagram: https://shre.ink/HK4X

















































# Actividade 26

## PNEUMÁTICOS USADOS CONTRA A PROCESIONARIA

DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de 1º de Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural, deseñaron as súas propias trampas para "abrazar" aos piñeiros cunha metade de cuberta de caucho e evitar que a viaxe da procesionaria chegase ao seu destino: o chan. A parte realizaron a instalación dunha trampa comercial para poder comparar resultados.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES







Enlace Instagram: https://shre.ink/HK4o

















CAMIÑA CARA O CAMBIO. ACTÚA EN VERDE

# Actividade 27

## CREANDO CULTURA FORESTAL

### DESENVOLVEMENTO:

**"Lugomadera", dentro do programa Edutecemprende, impartiu a xornada "Creando Cultura Fotestal" no noso IES, levando ao noso alumnado de 1º de Bach de Tecnoloxía Industrial, a 1º de CS de Xestión Fotestal e do Medio Natural e a 2º de CM de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, a gran importancia do sector ao que o noso alumnado pode orientarse profesionalmente.**
**Unha vez rematada a xornada teórica, Lugomadera levounos a realizar una xornada práctica cos simuladores forestais. Toda una experiencia para a nosa rapazada!**
**Pero non só rematamos aí a actividade, senón que visitamos un aproveitamento forestal dirixido por Vilmón Forestal SL e a Financeira Madeireira S.A. (FINSA).**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES





Enlace Instagram: https://shre.ink/HK4B


















PONSSE















# Actividade 28

## BATEADO DE OURO E MINERAL

DESENVOLVEMENTO:

**O alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 1° ESO e Bach e Xeoloxía de 2° Bach asistieron o venres 3 de marzo, en Santiago, á Feira de minerais celebrada en Área Central Onde realizaron obradoiros de bateo de Ouro e identificación de minerais, e ao Museo de Historia Natural.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES





Enlace Instagram: https://shre.ink/HK6Q

















# Actividade 29

## PROXECTO RÍOS

DESENVOLVEMENTO:

**O noso alumnado de 2° CS de Xestión Fotestal e do Medio Natural e 2° CM DE Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, participou este ano no Plan Proxecta de Proxecto Ríos. O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental promovida por Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, impulsado e coordinado por ADEGA, que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais.**

RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




IMAXES







Enlace Instagram: https://shre.ink/HK6B



ADEG











# Actividade 30

## XORNADA DIVULGATIVA DE SIMULADOR FORESTAL

### DESENVOLVEMENTO:

**O pasado 27 de febreiro, grazas a Lugomadera, iniciouse unha *Xornada divulgativa de Simulador de maquinaria forestal: autocargador e procesadora forestal* no IES de Arzúa de 20 *horas de formación*, co fin de captar talento e futuros traballadores para o sector forestal.**
**Grazas a Lugomadera o noso alumnado adquiren competencias no manexo da maquinaria forestal punteira no sector.**
**Este é un problema que levamos arrastrando no noso centro, xa que somos uns dos pocos centros que non dispoñemos dos medios tecnolóxicos punteros e necesarios para impartir dita formación.**

### RESULTADOS (A TRAVÉS DOS ODS DA AXENDA 2030)




### IMAXES







Enlace Instagram: https://shre.ink/HKT0

















# Actividade 31

## VISITA GUIADA POLO MUNDO DAS AVES

DESENVOLVEMENTO:

**Exposición guiada polas aves de Galicia na materia de Técnicas de Educación Ambiental, por 1° CS de Xestión forestal e do medio natural aos seus compañeiros de Ciclo Medio de Aproveitamiento e conservación do medio natural.**

